

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 28 DE DECEMBRO DE 2009.**

**Asistentes:**

**Alcalde-Presidente:**

D. Jose Demetrio Salgueiro Rapa

**Vocais:**

D. José Manuel González Álvarez

Dª Ana María Abad López

Dª Mª Dolores Meitín Guerreiro

**Secretario:**

D. Luís Mª Fernández del Olmo.

**Interventora:**

Dª Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas do día vinte e oito de decembro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo e da Interventora Dª Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria. Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

### **A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.**

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algúnsha observación que formular á acta da sesión anterior de 15 de decembro de 2009.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade.

### **B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA**

#### **B.1) SOLICITUDE DE HELMANCASA S.L. PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARA EDIFICIO LAGO, SITO EN URBANIZACIÓN PALMEIRO, “MANZANA D”**

Vista solicitude formulada por Helmancasa S.L. con C.I.F. B84469345 con domicilio en Camino Huertas de la Vega, 36-40 bajo (Salamanca) na que pide a expedición de certificación de licenza de primeira ocupación, para edificio de 100 vivendas, garaxes e locais en edificio plurifamiliar composto de sotano, planta baixa e cinco alturas, sito en urbanización Palmeiro. Mazá D. –Xove.

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1<sup>a</sup> utilización se solicita o seguinte:

“EXPEDIENTE: 2601/06. edificio de 100 vivendas garaxes e locais en edificio plurifamiliar composto de sotano, planta baixa e cinco alturas.

- Obra Prevista en Proxecto Básico: Edificio para 100 vivendas, garaxes e trasteros.
- Obra Prevista en Proxecto de Execución: Edificio para 100 vivendas, garaxes e trasteros, sen variación de volume e superficies.
- Obra Executada: 100 Vivendas con garaxes e trasteros totalmente executadas e en condicións de habitabilidade.

INFORME: De acordo co a documentación que se aporta, así como pola inspección efectuada, a execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescripcións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

O volume e condicións da obra executada, é coincidente co proxecto presentado mediante o cal se obtivo a pertinente licenza municipal.

A edificación, atópase executada na súa totalidade, e adáptase á vixente Normativa urbanística do Concello de Xove, de acordo co xustificación urbanística que se aporta asinda polos directores de obra e autores do proxecto.

- Ordenanza de aplicación. –solo urbano da urbanización palmeiro.-articulo 98. Ordenanza 7<sup>a</sup> solo urbano residencial. -
- Parámetros urbanísticos aplicables: Manzana D
- Superficie máxima ocupada na planta rúeiro.....2.165,00m<sup>2</sup>. –
- Superficie máxima ocupada no proxecto..... 1.664,63m<sup>2</sup>.-
- Altura do edificio.....B+5
- Altura de cornisa.....16,00m. ou 18 m con baixo diáfano ou con uso diferente de vivenda.
- Espazo libre de manzana.....275m<sup>2</sup>.
- Número máximo de vivendas permitidas.....130
- Número máximo de vivendas executadas.....100

A obra executada, adáptase a Normativa. –

Apórtase o correspondente certificado final de obra suscrito pola dirección facultativa no que se acompaña a relación de modificacóns en obra compatibles cos condicións da licenza. (C.T.E. Anejo II.3.3.a)

Asimesmo acompañase, suscrito polos técnicos directores, xustificación urbanística do cumplimento dos parámetros urbanísticos aplicados a parcela. PLANO FO-01

Achégase a documentación pertinente:

- Acta de reformulo
- Certificado final de obra subscrita polos seus técnicos directores.
- Solicitud de alta no Catastro.
- Planos de estado definitivo das obras coa súa adecuación a Normativa, asinada polos técnicos directores da obra.
- Certificado final das infraestruturas interiores-Telecomunicacóns.
- Contrato de mantemento dos ascensores.
- Exposición de los trámites y estado actual del suministro eléctrico a la manzana D de la urbanización Palmeiro.
- Fotografías do inmoble.

100 Vivendas totalmente executadas, rematadas interiormente, e revestidas exteriormente, podéndose outorgar a correspondente LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN.

- PRESUPUESTO PROXECTO DE EJECUCION: 3.774.000,00Euros
- VALORACION LICENCIA PRIMEIRA UTILIZACION 0,5% S/P
- LIQUIDACION RESULTANTE..... 18.870,00Euros.

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, do edificio de 100 vivendas sito en Urbanización Palmeiro, Manzá D (Rigueira), que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de 1<sup>a</sup> ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a 18.870,00 Euros

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacóns que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

**B.2) LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA A “MEDELA C.B.” PARA ACTIVIDADE INOCUA DE AXENCIA BANCARIA SITA EN C/TOMAS MARIÑO PARDO (XOVE)**

Visto o expediente tramitado a instancia de A Medela, C.B. con CIF 76557116-Y ,e con domicilio en Rúa Tomás Mariño Pardo, 1 baixo (Xove), que solicita a regulamentaria licenza para abrir ó público un establecemento que haberá de dedicarse a locales de oficinas e axencia bancaria, sito na Rúa Tomás Mariño Pardo, 1, baixo (Xove).

Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito á licenza que se pretende obter. No uso das facultades conferidas pola Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, de 2 de abril de 1985 e Texto Refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local aprobado por R. D. Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, en consonancia coa correspondente Ordenanza fiscal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria acorda conceder a licenza que se solicita, así como aproba-las tasas que figuran no expediente, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais, sen este requisito a licenza non surtirá efecto ningún.

**B.3) SOLICITUDE DE D. JUAN CARLOS FERNANDEZ LOPEZ REPRESENTACION DA EMPRESA CONSTRUCCIONES CARFERLO S.L.- RELATIVO A PROXECTO BASICO E DE EXECUCION DE EDIFICACION PARA NAVE ANEXA A INSTALACIONS EXISTENTES NO PARQUE EMPRESARIAL DE CAMBA, PARCELA 55.**

Vista solicitude formulada por D. Juan Carlos Fernández López (en representación da empresa CARFERLO) con D.N.I nº: 33.319855-P con domicilio en c/La Veiga, 1 (27850 Viveiro), para realización de obras de construcción de nave anexa á instalación existente na parcela 55 do Parque Empresarial de Camba-Xuances.

EXPEDIENTE: 4074/09

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- 1º. -A edificación que se pretende construír, de acordo coa documentación presentada, subscrita polo enxeñeiro técnico de obras públicas D. Ramiro González Penabad, sitúase dentro do área delimitada polo parque empresarial do polígono industrial de Camba, na súa parcela nº 55
- 2º.-No proxecto, no seu apartado 3º do proxecto, ocupación dos terreos, e plano de localización, xustifícase por parte do técnico, autor de éste, a adaptación do inmoble que se pretende, á vixente Normativa urbanística.
- 3º.-Artigo 4.6. -parcelas de uso industrial e comercial, correspondente á normativa prevista no plan parcial aprobado para o Polígono industrial de Camba.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impónense as condicións seguintes:

- De acordo coa descripción da memoria do proxecto, a actividade que se pretende, é a de almacén y oficinas, polo que de segün esta descripción a devandita actividade, ten características de inocua, se ben, no suposto que a actividade final estivese suxeita a informe de Medio Ambiente, se deberá tramitar o expediente correspondente.
- Así mesmo recórdaselle ao promotor a obrigatoriedade de instalar en lugar visible das obras, un cartel 1,50 metros de lonxitude e 1,00metros de ancho, en

cor branca e texto negro, segundo o formato dispoñible nas dependencias municipais, e que deberá cumplirse con todos os seus datos:

1. Promotor das obras,
  2. Construtor,
  3. Nº de expediente de licenza.
  4. Data de inicio e finalización das obras.
  5. Técnicos directores de obra.
  6. Coordinador de seguridade e saúde na execución das obras
- Deberase presentar nas dependencias municipais, a designación de técnicos responsables de diferentes apartados de execución de obra, director de obra, director de execución e coordinador de seguridade.
  - Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a edificación, o promotor deberá solicitar a correspondente Licenza de Primeira utilización de acordo co Artigo 195.6 da lei 9/2002 de Ordenación urbanística e Protección do medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.
  - As obras e instalacións de medios auxiliares, para a execución dos traballos previstos no proxecto e licenza, dispoñerán do correspondente Seguro de Responsabilidade Civil.
  - Tomaranse as pertinentes medidas de seguridade tanto para a propia obra coma para o ámbito peonil e motorizado desta.
  - Deberanse satisfacer as taxas correspondentes por ocupación de vía publica, durante o tempo de permanencia das devanditas instalacións.
  - Asemade de ser necesaria a instalación de grúa deberase presentar a solicitude da instalación correspondente.
  - De acordo cos apartados anteriores, e sen prexuízo de terceiros, infórmase favorablemente as obras que se solicitan.
  - Previo ao inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, deberase levantar a correspondente Acta de reformulo, para o que previamente se aportará plano de emplazamiento cos retranqueos correspondentes.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórarse o presupuesto da obra en 142.369,78€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 2.847,40€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

**B.4)SOLICITUDE DE D. CANDIDO JESUS OTERO LOPEZ EN  
REPRESENTACIÓN DO OBISPADO DE MONDOÑEDO FERROL RELATIVO  
A ARRANXO DE CUBERTA E DA EXPLANADA DA IGREXA PARROQUIAL  
DE SAN ISIDORO DO MONTE.**

Vista solicitude formulada por D. Candido Jesús Otero López en representación do Obispado de Mondoñedo- Ferrol con CFI nº: Q-1500019-C e con domicilio en Avda. Diputación, 77 ( 27870 Xove), para realización de obras de arranxo da cuberta e da explanada da igrexa parroquial de San Isidoro do Monte. Expediente nº: 4436/09.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que a igrexa, cuia cuberta se pretende reparar, de acordo coa documentación presentada, sitúase dentro da área delimitada como Solo Non Urbanizable de Protección do Patrimonio. Artigo 115 das Normas Subsidiarias do Concello de Xove.

A edificación a que se pretende reparar a súa cuberta e a explanada, situase no ámbito da franxa de protección da igrexa parroquial de San Isidoro, en Penas Agudas, atopándose catalogada a devandita igrexa co nº 3 do Título VII do Catálogo de Bens obxecto de Protección previsto nas Normas Subsidiarias e Complementarias de Planeamento do Concello de Xove.

Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño aprobouse inicialmente ou P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termo municipal nos termos e condicións sinaladas non art.77 dá Lei 9/2002, de 30 de decembro, e non Art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que a aproba ou Regulamento de Planeamento.

Ao amparo do disposto no Artigo 115.b das devanditas Normas, en tanto non se redacten os correspondentes plans especiais, dentro das áreas de protección sinaladas nestas Normas, será preciso o informe previo da Comisión Provincial de Patrimonio, que terá carácter vinculante.

De conformidade coas disposicións contidas na Lei 8/95 de Patrimonio cultural de Galicia (LPCG), artigo 44 da intervención en cada un dos Bens de Interese Cultural (BIC) e os seus ámbitos de protección, declarados ou incoados, debe solicitarse informe da Dirección Xeral de Patrimonio, previo á concesión de calquera licenza de obra a realizar nos devanditos ámbitos.

En aplicación do disposto no artigo 54 e no Artigo 56 da LPCG, calquera obra ou intervención nun ben incluído no Inventario Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia, (declarado BIC, catalogado ou inventariado) e no seu ámbito precisarán autorización previa da Consellería de Cultura.

Por todo o exporto anteriormente, e tendo en conta que non existe discrepancia entre a Normativa Urbanística aplicable prevista, tanto nas NN.SS coma no P.X.O.M aprobado inicialmente, e toda vez que as obras que se pretendan executar, sitúanse en ámbitos dous casos dentro de Solo de equipamentos da igrexa de San Isidoro, e que por parte da Xunta de Galicia, por medio da súa Consellería de Cultura e Turismo, no departamento correspondente a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, con data 26 de novembro do ano 2009, e co nº de expediente 2009/568, se informa favorablemente esta solicitude.

Polo exposto anteriormente, por parte dos servizos técnicos municipais, enténdese que a esta solicitude de arranxo da cuberta e explanada da devandita igrexa de San Isidoro, pódelleis outorgar a licenza que se solicita.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impónense as condicións seguintes:

- A cuberta deberá ser de pizarra.

- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como do entorno onde se están executando as mesmas.
- 2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.
- 3º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 1 ano para a súa finalización.
- 4º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

### **C) CONTAS E FACTURAS**

Neste punto non se adoptou ning

#### **D.1) ESCRITO DO CEIP PEDRO CASELLES ROLLAN SOLICITANDO LIBRAMENTO DO PORCENTAXE PENDENTE DE SUBVENCIÓN, CONCEDIDA NA XGL 27/04/2009.**

Vista solicitude de Dª. Paula López Otero, en calidade de Directora do CEIP Pedro Caselles Rollan, con domicilio en Agramonte, 23 (27870 Xove) os efectos de xustificación de gastos e solicitude de libramento do porcentaxe pendente de percibir da subvención concedida por importe de 3.000,00€ na Xunta de Goberno Local de do 27 de abril de 2009.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- 1º) Acepta-la xustificación de gastos presentada, según facturas adxuntas.
- 2º) O libramento do 30% pendente de percibir por importe de 900,00€.

#### **D.2) AXUDA DE GANDERÍA A SUSO E PALMA, S.C.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Suso e Palma, S.C, con C.I.F nº: J27362821, con domicilio en Ferrol, 1 (27879 Rigueira), por morte dunha xata, por importe de 120,00€.

#### **D.3) AXUDA DE GANDERÍA A SUSO E PALMA, S.C.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Suso e Palma, S.C, con C.I.F nº: J27362821, con domicilio en Ferrol, 1 (27879 Rigueira), por morte dun xato, por importe de 200,00€.

#### **D.4) AXUDA DE GANDERÍA A D. JOSE LOUZAO QUELLE.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. José Louzao Quelle, con D.N.I. nº: 33.797.552-H, con domicilio en Carballas, 7 (27870 Xove), por morte dun xato, por importe de 200,00€.

#### **D.5) AXUDA DE GANDERÍA A D. JOSE LOUZAO QUELLE.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Jose Louzao Quelle, con D.N.I. nº: 33.797.552-H, con domicilio en Carballas, 7 (27870 Xove), por morte dun xato, por importe de 120,00€.

#### **D.6) AXUDA DE GANDERÍA A D. SARA GOMEZ GOMEZ.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª. Sara Gómez Gómez, con D.N.I. nº: 76.563.736-W, con domicilio en Cabo, 8 (27878 Sumoas), por morte dun xato, por importe de 120,00€.

#### **D.7) AXUDA DE GANDERÍA A D. MIGUEL OTERO YAÑEZ.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Miguel Otero Yañez, con D.N.I. nº: 33.993.775-M, con domicilio en Loureiro, 5 (27879 Monte), por morte dunha xata, por importe de 400,00€.

#### **D.8) AXUDA DE GANDERÍA A “A MARIÑA, S.C”.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A “A Mariña, S.C”, con C.I.F nº: J27391556, con domicilio en Beltran, 3 (27878 Lago), por morte dun xato, por importe de 200,00€.

#### **D.9) AXUDA DE GANDERÍA A Dª. JOSEFA MARIA CARMEN LOPEZ BEN.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª. Josefa María Carmen López Ben, con D.N.I. nº: 76.545.482-X, con domicilio en Ceranzos, 20 (27877 Xuances), por morte dun xato, por importe de 120,00€.

#### **D.10) AXUDA DE GANDERÍA A Dª. MARIA SALOME MARTINEZ PEDRE.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda

según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª. María Salome Martínez Pedre, con D.N.I. nº: 76.557.552-M, con domicilio en Hedradas, 1 (27879 Monte), por morte dun xato, por importe de 300,00€.

#### **D.11) AXUDA DE GANDERÍA A Dª. MARIA LOURDES DOMINGUEZ BERMUDEZ.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª. María Lourdes Domínguez Bermudez, con D.N.I. nº: 33.302.107-Q, con domicilio en Cabandela, 34 (27878 Sumoas), por morte dun xato, por importe de 120,00€.

#### **D.12) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR Dª. ELSA FERNÁNDEZ BALSA**

Vista solicitude formulada por Dª Elsa Fernández Balsa con D.N.I. nº 76.536.498-L con domicilio en Ventoselle, 4 (27879 Rigueira) na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e describese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 4 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

- 1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de Dª Elsa Fernández Balsa como beneficiaria do mesmo, durante 4 horas semanais; debendo aboar o importe de 3,57€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 3 meses.
- 2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.
- 3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo Dª Ilia Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes, sinalando que no caso de que exista algunha modificación na prestación deste servizo, se comunique por adelantado e por escrito ó Departamento Municipal de Servizos Sociais.

#### **D.13) SOLICITUDE DE D. RAMON SANCHEZ REDONDO EN REPRESENTACIÓN DE CUIÑA, S.A DE SEGREGACION DE FINCA SITA NO LUGAR DE PENARTEIRO – XOVE.**

Dada conta do escrito presentado por D. Ramón Sánchez Redondo, en representación de Cuiña, S.A, con CIF nº: A15030364, e con domicilio en C/ Presa de Alende, 4 (15320 As Pontes de García Rodríguez), no que solicita segregación de 2.200 m<sup>2</sup> de parcela sita no Lugar de Penarteiro. Polígono 39 Parcela 40, segundo o deseño que se xunta.

Visto o informe emitido polo Arquitecto Técnico no que se sinala que:

A parcela a segregación da cal se pretende, de acordo coa documentación que se achega, polo solicitante, atópase dentro da área delimitada como Solo Non Urbanizable de Protección Forestal. Artigo 109. Normas Subsidiarias do Concello de Xove. Solo Rústico de Protección Forestal.

Artículo 32.2.b da Lei 15/2004 do 29 de decembro de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro.

De acordo coa documentación achegada, e referida á actual Normativa en vigor, e polas características e situación das parcelas, este técnico entende que ao amparo do Artigo 41

da Lei 15/2004 de modificación da Lei 9/2002, deberase solicitar informe previo da Delegación de Agricultura, antes da concesión da licenza por parte deste Concello.

Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño aprobouse inicialmente ou P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termo municipal nos termos e condicións sinaladas non art.77 dá Lei 9/2002, de 30 de decembro, e non art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que a aproba ou Regulamento de Planeamento.

Neste caso non existe discrepancia entre a Normativa urbanística aplicable prevista, tanto nas NN.SS coma no P.X.O.M aprobado inicialmente, toda vez que a parcela que se pretende segregar, se sitúa en ámbolos dous casos dentro de Solo Rústico de Protección Forestal.

Por parte da Xunta de Galicia, na súa Consellería do Medio Rural emitiuse o preceptivo con referencia MR:110280 y nº de Expediente 3245/09, no que se especifica que esta finca, non forma parte de ningún monte de xestión pública nin veciñal en man común clasificado como tal polo Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común.

De acordo co exporto nos apartados anteriores, infórmase favorablemente a segregación que se solicita, de 2.200m<sup>2</sup> de finca matriz de 27.832,00m<sup>2</sup>.

Por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de segregación interesada, nos termos recollidos na documentación que consta no expediente.

2º) Dar traslado ó solicitante, do presente acordo así como fotocopia de toda a documentación, os efectos procedentes.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as once horas e dez minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remártase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.”

Vº e PR  
**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa      Asdo. Luís María Fernández del Olmo.